

María Miramontes

Santa María de Guísamo (A Coruña) 1895 - Bos Aires 1964

María Miramontes naceu en Santa María de Guísamo (Bergondo- A Coruña) o 6 de abril de 1895. A comezos do século XX múdase á Coruña, onde comeza a traballar nun obradoiro de costura. Nesta cidade teñen lugar as grandes folgas de consumos, protagonizadas polas mulleres. Alí xermola o seu pensamento republicano, nacionalista e galeguista. Milita nas Irmandades da Fala e forma parte da Xunta Directiva. Probablemente nestes ambientes coñece a Ánxel Casal, con quen vai compartir vida, pensamento, amor e militancia, mais tamén sufrimento e morte.

Casa con el e abren un comercio de teas, que complementan coa profesión de modista, no caso de María, e con clases de francés e traducións, no de Ánxel. Alimentan economicamente iniciativas como as Irmandades da Fala, as editoriais Lar e Nós e unha escola bilingüe inspirada na Institución Libre de Enseñanza. En 1927, quedará marcada por un aborto, que lle impedirá ter fillos.

Despois da proclamación da República, múdanse a Compostela para estaren máis preto do Seminario de Estudos Galegos. En decembro de 1931 nace o Partido Galeguista e María traballa para convencer o pobo, e moi especialmente as mulleres, da necesidade de que Galicia ten de dotarse dunha forza política propia.

Seguramente non foi doado atopar clientela para o seu traballo como modista entre as damas da "boa sociedade compostelá", mais o seu bo labor vai romper esa barreira e a roupa que crea ten sona do bo facer nos bailes do Casino e nos actos institucionais e universitarios.

Alén diso, participa nos faladoiros da Editorial Nós, mais a súa preocupación céntrase nas mulleres e no convencemento de que ten que haber unha organización feminina no Partido Galeguista. O 25 de xullo de 1933, un grupo de militantes feminino deste partido asina un chamamento ás mulleres para que tomen conciencia dos valores galegos, que se publicará en La Razón e A Nosa Terra. Neste último xornal, créase unha sección fxa dedicada ás mulleres.

María vai participar activamente na campaña de apoio ao Estatuto. Logo da sublevación militar franquista, Ánxel faise cargo da alcaldía eponse á fronte do Comité Republicano de Santiago, mais a autoridade militar obrígao a ceder o mando. A parella marcha a Vilantime e alí Ánxel é detido. Comeza así, para María, unha etapa de sufrimento. El será asasinado nunha gabiá.

En novembro de 1936, embarca rumbo a Bos Aires, onde ten parte da súa familia. Alí retoma a súa profesión, mais a súa agulla e as súas teas nunca van ter a mesma alegría e ilusión. Máis tarde casa cun curmán, mais as súas conversas e a súa vida estaban máis vinculadas á familia Seoane.

María morreu o 17 de setembro de 1964 na capital porteña. O xornal A Nosa Terra de Bos Aires publicou unha nota necrolóxica escrita por Luís Seoane, mais o silencio e o esquecemento fxeron de María Miramontes unha muller inxustamente invisibilizada.

María Miramontes

Santa María de Guísamo (A Coruña) 1895 - Buenos Aires 1964

María Miramontes nació en Santa María de Guísamo (Bergondo- A Coruña) el 6 de abril de 1895. A comienzos del siglo XX se muda a A Coruña, donde comienza a trabajar en un taller de costura. En esta ciudad tienen lugar las grandes huelgas de consumos, protagonizadas por las mujeres. Allí nace su pensamiento republicano, nacionalista y galleguista. Milita en las Irmandades da Fala y forma parte de la Junta Directiva. Probablemente en estos ambientes conoce a Ánxel Casal, con quien va a compartir vida, pensamiento, amor y militancia, pero también sufrimiento y muerte.

Se casa con él y abren un comercio de telas, que complementan con la profesión de modista, en el caso de María, y con clases de francés y traducciones, en el de Ánxel. Alimentan económicamente iniciativas como las Irmandades da Fala, las editoriales Lar y Nós y una escuela bilingüe inspirada en la Institución Libre de Enseñanza. En 1927, quedará marcada por un aborto, que le impedirá tener hijos.

Después de la proclamación de la República, se trasladan a Compostela para estar más cerca del Seminario de Estudos Galegos. En diciembre de 1931 nace el Partido Galeguista y María trabaja para convencer al pueblo, y muy especialmente a las mujeres, de la necesidad que Galicia tiene de dotarse de una fuerza política propia.

Seguramente no fue fácil encontrar clientela para su trabajo como modista entre las damas de la "buena sociedad compostelana", pero su buena labor va a romper esa barrera y la ropa que crea tiene buena fama en los bailes del Casino y en los actos institucionales y universitarios.

Además, participa en las tertulias de la Editorial Nós, pero su preocupación se centra en las mujeres y en el convencimiento de que tiene que haber una organización femenina en el Partido Galeguista. El 25 de julio de 1933, un grupo de militantes femenino de este partido firma un llamamiento a las mujeres para que tomen conciencia de los valores gallegos, que se publicará en La Razón y A Nosa Terra. En este último periódico, se crea una sección fija dedicada a las mujeres.

María participará activamente en la campaña de apoyo al Estatuto. Después de la sublevación militar franquista, Ánxel se hace cargo de la alcaldía y se ponen al frente del Comité Republicano de Santiago, pero la autoridad militar le obliga a ceder el mando. La pareja marcha a Vilantime y allí Ánxel es detenido. Comienza así, para María, una etapa de sufrimiento. Él será asesinado en una cuneta.

En noviembre de 1936, embarca rumbo a Buenos Aires, donde tiene parte de su familia. Allí retoma su profesión, pero su aguja y sus telas nunca van a tener la misma alegría e ilusión. Más tarde se casa con un primo, pero sus conversaciones y su vida estaban más vinculadas a la familia Seoane.

María murió el 17 de septiembre de 1964 en la capital porteña. El periódico A Nosa Terra de Buenos Aires publicó una nota necrológica escrita por Luís Seoane, pero el silencio y el olvido hicieron de María Miramontes una mujer injustamente invisibilizada.

Fuente: Ámbum de Mulleres do Consello da Cultura Galega (culturagalega.gal)

Autora: Encarna Otero Cepeda (2006, 2019)

Adaptación y traducción: Sara Canto González (2020)